

CONVOCATORIA

Convócase ás entidades socias da **ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL** á reunión que se celebrará no lugar, data e hora abaixo indicados, segundo a **ORDE DO DÍA** que se especifica.

Mos, a 21 de Outubro de 2024

A Presidenta,

76907009T SANDRA
GONZALEZ (R: G36889780)

Firmado digitalmente por
76907009T SANDRA GONZALEZ
(R: G36889780)

Asdo. Sandra González Álvarez

TIPO de REUNIÓN:	ASEMBLEA XERAL (ORDINARIA e EXTRAORDINARIA)
DATA da REUNIÓN:	29 de OUTUBRO de 2024
HORA da SESIÓN, 1ª convocatoria:	12:00 HORAS
HORA da SESIÓN, 2ª convocatoria:	12:30 HORAS
LUGAR:	AXENCIA de COLOCACIÓN de MOS (CENTRO de DESENVOLVEMENTO LOCAL de MOS) Avenida de Peinador, 39 – Tameiga 36416 Mos

ORDE DO DÍA:

- 1) Aprobación, se procede, da ratificación da composición tras ás últimas renovacións da Xunta Directiva da Asociación.
- 2) Aprobación, se procede, de altas e baixas de entidades socias da Asociación.
- 3) Aprobación, se procede, do Plan de Actividades 2024 incluída a Memoria de Actividades 2023 da Asociación.
- 4) Aprobación, se procede, das Contas Anuais 2023 da Asociación.
- 5) Recepción do traslado do Acordo da Presidencia, do 03/01/2024, de aprobación do Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural.
- 6) Aprobación, se procede, da Declaración Institucional en materia antifraude, conforme ao modelo que obra no Anexo do Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, e de conformidade coa Proposta da Comisión Antifraude.
- 7) Aprobación, se procede, do Regulamento Interno de Contratación da Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural pola Asemblea Xeral Extraordinaria, de conformidade coa Proposta da Xunta Directiva.
- 8) Rogos e preguntas.

NOTA: A documentación anexa aos puntos da orde do día vai a estar publicada na páxina web da Asociación de Desenvolvemento Rural (www.eurural.gal). No caso de aqueles socios que teñen facilitada a súa dirección de correo electrónico á Asociación de Desenvolvemento Rural, a documentación anexa aos puntos da orde do día tamén vai ser enviada por e-mail.

No caso de non poder acudir persoalmente poden delegar por escrito.

ASEMBLEA XERAL ASOCIAC DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL 29 de OUTUBRO de 2024

D/Dna _____, con DNI _____,
como representante legal da entidade _____,
DELEGO o meu voto en _____, con DNI _____,
representante da entidade _____.

SOLICITUDES DE ALTAS/BAIXAS DE SOCIOS

Tras a solicitude presentada polos interesados, PROPONSE a aceptación das seguintes solicitudes de alta como socios:

Mesa Veciñal, Cultural, Deportiva e Xuvenil

- ASOCIACIÓN CÍRCULO CULTURAL RECREATIVO DE CHAPELA (Redondela)
- CLUB NÁUTICO INCLUSIVO BAIXO MIÑO (Tui)

Mesa Montes e Medio Ambiente

- C.M.V.M.C. DO VISO (Redondela)

Mesa Desenvolvemento Económico

- SOMOSTERRA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA XUVENIL (Nigrán)

Mesa Acción Social

- ASOCIACIÓN RAICEIRAS - ACCIÓN RURAL (A Guarda)

PLAN ACTIVIDADES 2024

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL

FUNCIONAMIENTO INTERNO

- Xestión integral da Medida LEADER 2014/2020 (difusión, asesoramento a promotoras/es, xestión e aprobación de expedientes e axudas, certificacións e seguimento): Iniciación da estratexia do novo período europeo 2023-2027 (19.1), Apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local incluída a Formación promovida polo GDR (19.2), Cooperación entre GDRs (19.3) e Custes Correntes e Animación e Promoción Territorial (19.4)
- Atención ás/aos socias/os da Asociación e captación de novas entidades asociadas
- Colaboración entre o equipo técnico e a Xunta Directiva para a posta en valor do noso territorio
- Xestión da Páxina Web Corporativa da Asociación (www.eurural.org): divulgación da Medida LEADER 2014/2020
- Formación continua e participación en eventos relacionados co desenvolvemento rural (a nosa entidade forma parte da Xunta Directiva da Asociación de GDRs de Galicia)

FUNCIONAMIENTO ASOCIATIVO

- Convocatorias de Mesas Sectoriais, Xuntas Directivas e Asembleas Xerais
- Altas e baixas de asociadas/os
- Comunicación de novas ás/aos asociadas/os
- Notas de prensa e redes sociais (EURURAL)

OUTROS PROXECTOS (Non LEADER)

Dentro da nova estratexia asociativa participación e/ou colaboración noutros proxectos comunitarios ou nacionais ligados ao desenvolvemento rural do noso territorio como é o caso do **PSDT** e o propio **“Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño”** xestionados pola nosa Asociación (ademais de proxectos de sensibilización a favor da igualdade de xénero)

MEMORIA ACTIVIDADES 2023

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL

FUNCIONAMIENTO INTERNO

- Xestión da Medida LEADER 2014/2020: atención ás/aos promotoras/es e xestión dos expedientes de axuda nas fases de solicitude, aprobación, resolución e certificación con 226 novos expedientes presentados dende a apertura da convocatoria a principios de 2017 ata o 31 de decembro de 2023.
- Atención ás/aos socias/os da Asociación e captación de novas entidades como asociadas.
- Colaboración entre o persoal laboral e a Xunta Directiva da Asociación para a posta en valor do noso territorio.
- Xestión da páxina WEB Corporativa da Asociación: www.eurural.org e das redes sociais. Publicación nas dúas canles de novas e convocatorias de interese para o territorio: axudas, congresos, publicacións, experiencias doutros territorios, etc.
- Formación continua e participación en eventos relacionados co desenvolvemento rural.

FUNCIONAMIENTO ASOCIATIVO

- Mesas Sectoriais, Xuntas Directivas e Asemblea Xeral.
- Altas e baixas de asociadas/os: 243 entidades asociadas a finais de 2023.
- Comunicación de novas ás/aos asociadas/os (axudas, subvencións, formación, eventos, etc.) a través da web, do correo electrónico e das redes sociais.
- Notas de prensa.

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN MEDIDA LEADER

- Reunións formativas e informativas entre os GDRs e AGADER.
- Comunicacións escritas e reunións informativas cos representantes de distintos concellos para a difusión local da convocatoria de axudas da Medida LEADER.
- Reunións coas/os axentes de emprego das entidades públicas para informarles da convocatoria de axudas da Medida LEADER e definir e organizar os Plans de Formación que está a desenvolver a Asociación.
- Reunións con outras/os "axentes socioeconómicos" do territorio (asociacións, comunidades, entidades bancarias, etc.).
- Presentación, execución e certificación de 2 expedientes LEADER da submedida 194B (Animación e Promoción Territorial): III FORO DA MULLER RURAL GALEGA e CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE O PRODUTO LOCAL DO GDR14 - PARTE DE TI 2023

PREPARACIÓN ESTRATEXIA GDR14 NOVO PERÍODO LEADER 23-27

Elaboración da estratexia do novo período europeo 2023-2027 da Asociación (certificación anualidade 2023)

COOPERACIÓN GDRs MEDIDA LEADER

A efectos da convocatoria 2022 de Galicia de cooperación entre GDRs, a nosa entidade participou en tres proxectos que finalizaron no ano 2023:

Proxecto	Orzamento	GDR coordinador	Nº GDRs participantes
EUROCHEF II	72.914,85 euros	ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL	3
NO RURAL	53.305,22 euros	Asociación Desenvolvemento Seitura22	5
ECOCOMEDORES	123.536,60 euros	Asociación Desenvolvemento Mariña Betanzos	11

COOPERACIÓN INTERTERRITORIAL

- Traballo en rede cos GDRs galegos a través da Asociación Galega de GDRs (asistencia a Asembleas Xerais e reunións de traballo da Rede Galega de GDRs).
- Participación en eventos e xornadas da “Red Rural Nacional” destinadas a dinamizar o período comunitario 2014/2020 en materia de cooperación interterritorial.
- Contactos con Grupos de Desenvolvemento Rural de España e do resto de Europa para colaborar en diferentes proxectos.

OUTRAS ACCIÓNS

- Actividades ligadas ao convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e os 14 concellos integrados no “Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño” xestionado pola Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL.
- PSTD “A despensa de Galicia” xestionado pola Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL.
- Seguimento do convenio de colaboración entre a Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (GDR14) e o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Vigo – A Guarda (GALP 7) para actividades de interese xeral.
- Colaboración coa Rede EUSUMO da que somos socios, na promoción e fomento na nosa área xeográfica do cooperativismo e a economía social.
- Contactos, colaboracións e participacións en outros eventos e proxectos non LEADER.

MEMORIA ABREVIADA ANUAL EJERCICIO 2023

Que, relativa ao exercicio 2023 pechado o 31 de decembro, sométese á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación, que ten que sancionar as Contas Anuais correspondentes a dito exercicio. O exercicio 2023 abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro.

PUNTO 1.- ACTIVIDADE DA ASOCIACIÓN

A Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL anteriormente denominada Asociación de Desenvolvemento Rural MAIV – Baixo Miño (en adiante, ADR) constituíuse formalmente o día 19 de xuño de 2001 en Asemblea Constituínte e rexistrouse o día 10 de agosto de 2001 no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2001/005629-1. O seu enderezo social atópase na Avenida de Peinador nº 39 de Tameiga – Mos (C.P. 36416). O seu número de identificación fiscal é G-36889780. O Obxecto Social da ADR é servir de núcleo de converxencia e representación das entidades e persoas xurídicas, tanto privadas como públicas, interesadas no desenvolvemento rural da zona de actuación formada polos concellos de A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Oia, O Porriño, O Rosal, Pazos de Borbén, Redondela, Tomiño e Tui. Se pode acoller aos modelos abreviados de contas anuais xa que non supera os límites legais establecidos a efectos de presentación dos modelos ordinarios.

PUNTO 2.- BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

a) Imaxe Fiel. As contas anuais preparáronse a partir dos rexistros contables do exercicio 2023, en aplicación das disposicións legais vixentes en materia contable co obxecto de mostra-la imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Asociación.

b) Principios contables. Os rexistros contables da Asociación seguen os principios contables recollidos na lexislación contable e mercantil vixente.

c) Comparación da información. A partir do exercicio económico 2009 aplícase o principio de uniformidade non variándose os formatos dos modelos de presentación actualmente en vigor nin os criterios de contabilización.

PUNTO 3.- APLICACIÓN DE RESULTADOS

A 31 de decembro de 2023 o Órgano de Administración propón á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral de Socios a aprobación da distribución de resultados que se indica a continuación.

<u>Resultado anual</u>	<u>Importe</u>
Perdas e ganancias (Resultado NEGATIVO)	-10.620,55 €

<u>Remanente de exercicios anteriores</u>	<u>Importe</u>
Remanente pola actividade asociativa non lucrativa	59.168,95 €

A aplicación é a “remanente pola actividade asociativa non lucrativa”. O resultado do exercicio é neto de impostos. A efectos de presentación ante a A.E.A.T. o imposto de sociedades devengado do exercicio é de 0,00 €. A distribución prevista no reparto de resultados do exercicio cumpre cos requisitos e limitacións establecidas nos estatutos da Asociación e na normativa legal.

PUNTO 4.- NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

Non existe a 31 de decembro de 2023 ningún elemento activado de inmovilizado intanxible ou material nin valores negociables e outros investimentos e instrumentos financeiros análogos, polo tanto, non procede a dotación de ningunha amortización ao respecto.

PUNTO 5.- INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

Durante o exercicio 2023 non hai rexistrados movementos nas partidas de inmovilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios. Non procede o libro de inventarios de bens, xa que polo principio de importancia relativa, os elementos de equipamento adquiridos a partir do ano 2009 foron contabilizados como gasto corrente do exercicio.

PUNTO 6.- ACTIVOS FINANCEIROS

Durante o exercicio 2023 non hai rexistrados movementos na partida de activos financeiros.

PUNTO 7.- PASIVOS FINANCEIROS

Durante o exercicio 2023 non hai rexistrados movementos na partida de pasivos financeiros.

PUNTO 8.- FONDOS PROPIOS

O movemento das distintas contas que compoñen os "Fondos Propios" da Asociación ao final do exercicio económico 2023 é o seguinte:

SALDO INICIAL	ENTRADAS (+)	SAÍDAS (-)	SALDO FINAL
Remanente pola actividade asociativa non lucrativa	59.168,95 €	0,00 €	59.168,95 €
Resultado do exercicio 2022 (NEGATIVO)	0,00 €	10.620,55 €	-10.620,55 €
Total	59.168,95 €	10.620,55 €	48.548,40 €

PUNTO 9.- SITUACIÓN FISCAL

O Imposto sobre Beneficios calcúlase en función do resultado do exercicio antes de impostos considerando as diferenzas existentes entre o resultado contable e o resultado fiscal (base imponible do imposto) e distinguindo nestas o seu carácter de permanente ou temporal a efectos de determina-lo Imposto sobre Sociedades devengado no exercicio. En aplicación do Imposto sobre Sociedades procede determinar e cuantificar as rendas exentas a efectos do imposto sobre beneficios procedentes da realización de actividades inherentes ao obxecto social da Asociación. Considérase que tódolos ingresos e gastos relativos ao exercicio 2023 proceden da realización de actividades inherentes ao obxecto social da Asociación xa que a Asociación non desenvolveu nin desenvolve actividades non recollidas no seu obxecto social segundo consta nos Estatutos da mesma. Polo tanto, o cálculo do imposto sobre beneficios correspondente ao exercicio económico 2023 é o seguinte:

RESULTADO EXENTO ANTES DE IMPOSTOS	-10.620,55 €
RESULTADO NON EXENTO ANTES DE IMPOSTOS (RESULTADO FISCAL).....	0,00 €
AXUSTES EXTRACTABLES PERMANENTES POSITIVOS E NEGATIVOS.....	0,00 €
AXUSTES EXTRACTABLES TEMPORAIS POSITIVOS E NEGATIVOS.....	0,00 €
BASE IMPOÑIBLE PREVIA NON EXENTA (RESULTADO FISCAL).....	0,00 €
BASE IMPOÑIBLE	0,00 €
COTA ÍNTEGRA.....	0,00 €
DEDUCIÓNS E BONIFICACIÓNS EN COTA.....	0,00 €
COTA LÍQUIDA.....	0,00 €
RETENCIÓNS	0,00 €
PAGOS FRACCIONADOS.....	0,00 €
COTA DIFERENCIAL	0,00 €

PUNTO 10.- INGRESOS E GASTOS

Durante o exercicio 2023 a Asociación tivo os seguintes ingresos totais detallados por partidas:

Subvención Preparación Nova Estratexia 19.1 Medida LEADER 2014/2020 (AGADER).....	8.500,00 €
Subvención Custes Correntes 19.4A Medida LEADER 2014/2020 (AGADER).....	135.693,00 €
Subvención Gastos Animación 19.4B Medida LEADER 2014/2020 (AGADER).....	29.884,50 €
XEODESTINO 2023 (TURISMO de GALICIA).....	45.000,00 €
Cotas 2023 Concellos.....	52.500,00 €
Cooperación GDRs 19.3 Medida LEADER 2014/2020 (AGADER+Cofinanciación)...	36.701,24 €
Ingresos financeiros 2023 anticipo PSTD.....	2.751,64 €
Imputación traspaso exercicio 2023 anticipo PSTD.....	4.812,48 €
TOTAL INGRESOS	315.842,86 €

Durante o exercicio 2023 a Asociación tivo os seguintes gastos totais detallados por partidas:

Gastos de persoal e asimilados.....	113.094,88 €
Subministracións e outros custes exteriores.....	211.092,90 €
Gastos financeiros	2.275,63 €
TOTAL GASTOS	326.463,41 €

PUNTO 11.- SUBVENCIONS, DONACIONES E LEGADOS

Durante o exercicio 2023 a Asociación rexistrou ao seu favor as seguintes "subvencións" (destinadas a sufragar gastos):

Subvención Preparación Nova Estratexia 19.1 Medida LEADER 2014/2020 (AGADER).....	8.500,00 €
Subvención Custes Correntes 19.4A Medida LEADER 2014/2020 (AGADER).....	135.693,00 €
Subvención Gastos Animación 19.4B Medida LEADER 2014/2020 (AGADER).....	29.884,50 €
XEODESTINO 2023 (TURISMO de GALICIA).....	45.000,00 €
Cotas 2023 Concellos.....	52.500,00 €
Cooperación GDRs 19.3 Medida LEADER 2014/2020 (AGADER+Cofinanciación)...	36.701,24 €
Imputación traspaso exercicio 2023 anticipo PSTD.....	4.812,48 €
TOTAL INGRESOS	313.091,22 €

PUNTO 12.- OPERACIONES CON PARTES VINCULADAS

Non existen entidades do grupo e asociadas a efectos contables, laborais e fiscais.

PUNTO 13.- OUTRA INFORMACIÓN

As presentes Contas Anuais do Exercicio Económico 2023 están compostas polo Balance de Situación Abreviado, a Conta de Perdas e Ganancias Abreviada e a Memoria Abreviada e foron elaboradas atendendo ao Libro Diario do Exercicio Económico 2023.

A Asociación entende que, salvo error ou omisión, a información contida na presente Memoria é suficiente para mostra-la imaxe fiel do patrimonio, a situación financeira e os resultados da mesma.

Atendendo á lexislación vixente, non existen retribucións devengadas no exercicio 2023 polos membros da Xunta Directiva da Asociación.

Non se produciron feitos ou transaccións posteriores ao peche do exercicio 2023, imputables a dito exercicio, que poidan ter efecto significativo sobre os estados financeiros, que non precisan polo tanto de axuste algún.

A 31 de decembro de 2023 a Asociación rexistra as seguintes partidas de activo:

AGADER 19.1 Preparación Nova Estratexia (LEADER 2014/2020)	8.500,00 €
AGADER 19.4A Custes Correntes (LEADER 2014/2020).....	23.047,62 €
AGADER 19.4B Animación (LEADER 2014/2020)	29.884,50 €
AGADER+Cofinanciación 19.3 Cooperación GDRs (LEADER 2014/2020)	43.054,87 €
TURISMO de GALICIA (XEODESTINO 2023).....	45.000,00 €
Concello Gondomar (Cotas 2023 Concellos).....	3.987,18 €
Concello Mos (fianza depositada "local" Asociación).....	1.214,61 €
ALD Automotive (fianza depositada "coche renting" Asociación)	371,27 €
CAIXABANK (intereses bancarios devengados 2023 anticipo PSTD pendentes liquidación).....	2.228,83 €
AEAT (retención intereses bancarios devengados 2023 anticipo PSTD).....	522,81 €
Tesourería (saldo total contas bancarias)	1.400.001,61 €
TOTAL ACTIVO	1.557.813,30 €

A 31 de decembro de 2023 a Asociación rexistra as seguintes partidas de pasivo:

Remanente pola actividade asociativa non lucrativa.....	59.168,95 €
Resultado do exercicio 2023 (NEGATIVO).....	-10.620,55 €
Anticipo PSTD (pendente imputación).....	1.495.187,52 €
Acredores comerciais (XEODESTINO).....	7.429,85 €
Seguridade Social (Decembro/2023).....	3.439,21 €
A.E.A.T. (Modelo 111 4T/2023).....	3.208,32 €
TOTAL PASIVO	1.557.813,30 €

A continuación xustificase a existencia do "resultado contable NEGATIVO" de 10.620,55 €:

A	RESULTADO NEGATIVO (2023)	-10.620,55 €
B1	Intereses Bancarios Póliza Crédito LEADER (CAIXABANK) custes NON subvencionables	2.275,63 €
B2	Gastos e Comisións Bancarias NON subvencionadas	190,10 €
B3	Gastos non elixibles pola Medida LEADER 2014/2020 (non imputados XEODESTINO)	15.465,23 €
B4	Intereses Bancarios Xerados Anticipo PSTD	-2.751,64 €
X	REMANENTE XEODESTINO 2023	4.558,77 €
(A + sumatorioB – X) →		0,00 €

X	REMANENTE XEODESTINO 2023 → $X=(X1-(X2+X3+X4))$	4.558,77 €
X1	Subvención XEODESTINO 2023 (TURISMO DE GALICIA) e COTAS 2023 CONCELLOS	97.500,00 €
X2	Facturas e Gastos XEODESTINO 2023	75.742,87 €
X3	Gasto derivado do equipo técnico da Asociación (compensación antigüidade 2022) Gasto imputable XEODESTINO RIA VIGO e BAIXO MIÑO	7.863,56 €
X4	Gastos de persoal laboral de 2022 derivados da equiparación salarial da técnica Eva María Gil Solla (como directora de proxectos da Asociación) Gasto imputable XEODESTINO RIA VIGO e BAIXO MIÑO	9.334,80 €

PSTD	Imputación traspaso exercicio 2023 anticipo PSTD	4.812,48 €
1	Liquidación Nómina Novembro 2023 Técnica ANADIA ALVAREZ ALONSO	914,69 €
2	Total Seguridade Social Novembro 2023 Técnica ANADIA ALVAREZ ALONSO	376,45 €
3	Liquidación Nómina Novembro 2023 Técnica ANADIA ALVAREZ ALONSO	2.494,67 €
4	Total Seguridade Social Decembro 2023 Técnica ANADIA ALVAREZ ALONSO	1.026,67 €


A 31 de decembro de 2023 a Tesourería da Asociación elévase a 1.400.001,61 €.

Dita cantidade figura como saldo á data de finalización do ano económico 2023 nas seguintes contas bancarias das que é titular único a ADR:

ENTIDADE	NÚMERO CONTA	TIPO CONTA	SALDO (31/12/2023)
CAIXABANK	ES8521005656030200152632	PÓLIZA CRÉDITO c. corrente LEADER	27.713,29 €
CAIXABANK	ES1321005656040200190060	c. corrente XEODESTINO	20.731,53 €
CAIXABANK	ES9221008685310200021315	c. corrente PSTD	1.346.214,19 €
ABANCA	ES8220800552013040008273	c. corrente	5.342,60 €

Mos, 8 de ABRIL de 2024.

O Xerente,



EURURAL
ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE

Asdo. Marco Antonio García Rodríguez

Conta de Perdas e Ganancias Abreviada do Exercicio Económico 2023
 Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (ADR MAIV – Baixo Miño)
 Moeda: Euro

	Exercicio 2023	Exercicio 2022
	(Debe) / Haber	(Debe) / Haber
1. Importe neto da cifra de negocios		
2. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo		
4. Aproveisionamentos		
5. Outros ingresos de explotación (incluídas subvencións)	308.278,74	333.121,95
6. Gastos de persoal e asimilados	(113.094,88)	(101.857,87)
7. Outros gastos de explotación	(211.092,90)	(237.652,89)
8. Amortización do inmovilizado		
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras	4.812,48	
10. Excesos de provisións		
11. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado		
12. Outros resultados		
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	(11.096,56)	(6.388,81)
13. Ingresos financeiros	2.751,64	
14. Gastos financeiros	(2.275,63)	(553,55)
15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros		
16. Diferenzas de cambio		
17. Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos financeiros		
B) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)	476,01	(553,55)
18. Resultado extraordinario		
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B+17)	(10.620,55)	(6.942,36)
19. Imposto sobre beneficios	0,00	0,00
D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+18)	(10.620,55)	(6.942,36)

Balance de Situación Abreviado do Exercicio Económico 2023 (Pechado a 31/12/2023)
Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (ADR MAIV – Baixo Miño)
 Moeda: Euro

ACTIVO	E2023	E2022
A) ACTIVO NON CORRENTE.		
I. Inmobilizado intanxible.		
II. Inmobilizado material.		
III. Invetimentos inmobiliarios.		
IV. Invetimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo.		
V. Invetimentos financeiros a longo prazo.		
VI. Activos por Imposto diferido.		
B) ACTIVO CORRENTE.	1.557.813,30	66.477,54
I. Activos non correntes mantidos para a venda.		
II. Existencias.		
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar.	156.225,81	128.651,10
AGADER (19.1 PREPARACIÓN ESTRATEXIA, 19.2 FORMACIÓN, 19.4A CUSTES CORRENTES e 19.4B ANIMACIÓN)	61.432,12	46.184,79
XEODESTINO (TURISMO DE GALICIA)	45.000,00	40.000,00
AGADER e COFINANCIACIÓN (19.3 COOPERACIÓN GDRs)	43.054,87	42.466,31
COTAS (CONCELLOS)	3.987,18	
CAIXABANK (INTERESES BANCARIOS DEVENGADOS)	2.228,83	
AEAT (RETENCIÓN INTERESES BANCARIOS DEVENGADOS)	522,81	
IV. Invetimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo.		
V. Invetimentos financeiros a curto prazo.	1.585,88	1.585,88
Concello Mos	1.214,61	1.214,61
ALD Automotive	371,27	371,27
VI. Periodificacións a curto prazo.		
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.	1.400.001,61	-63.759,44
TOTAL (A+B)	1.557.813,30	66.477,54

Balance de Situación Abreviado do Exercicio Económico 2023 (Pechado a 31/12/2023)
Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (ADR MAIV – Baixo Miño)
Moeda: Euro

PATRIMONIO NETO E PASIVO	E2023	E2022
A) PATRIMONIO NETO.	1.543.735,92	59.168,95
A-1) Fondos propios.	48.548,40	59.168,95
I. Capital.		
II. Prima de emisión.		
III. Reservas.		
IV. (Accións e participacións en patrimonio propias).		
V. Remanente de exercicios anteriores	59.168,95	66.111,31
VI. Outras aportacións de socios.		
VII. Resultado do exercicio.	-10.620,55	-6.942,36
VIII. (Dividendo a conta).		
IX. Outros instrumentos de patrimonio neto.		
A-2) Axustes por cambios de valor.		
A-3) Subvencións, donacións e legados recibidos.	1.495.187,52	
B) PASIVO NON CORRENTE.		
I. Provisións a longo prazo.		
II. Debedas a longo prazo.		
III. Debedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo.		
IV. Pasivos por imposto diferido.		
V. Periodificacións a longo prazo.		
C) PASIVO CORRENTE.	14.077,38	7.308,59
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda.		
II. Provisións a curto prazo.		
III. Debedas a curto prazo.		
IV. Debedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo.		
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar.	14.077,38	7.308,59
Seguridade Social	3.439,21	2.246,72
Axencia Tributaria (A.E.A.T.)	3.208,32	2.974,62
Outros acreedores comerciais	7.429,85	2.087,25
VI. Periodificacións a curto prazo.		
TOTAL (A+B+C)	1.557.813,30	66.477,54

COMUNICACIÓN

TRASLADO DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL

Mediante a presente comunicación, dase traslado á Asamblea Xeral da Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, para o seu coñecemento, do Acordo da Presidencia, do 03/01/2024, de aprobación do Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, que se achega xunto coa presente.

En Mos, na data indicada na sinatura dixital.

A Presidenta,

Firmado por ***0700** SANDRA GONZALEZ (R: ****8978*) el día 18/10/2024 con un certificado emitido por AC Representación

Dna. Sandra González Álvarez

ASUNTO	COMISIÓN ANTIFRAUDE DE EURURAL
DOCUMENTO	ACTA DE LA PRIMERA SESIÓN

ACTA DE LA PRIMEIRA SESIÓN, CONSTITUTIVA, DE LA COMISIÓN ANTIFRAUDE DE LA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL

Reunidos, en la Axencia de Colocación de Mos, a 21 de octubre de 2024, siendo las 9:15 horas, se constituye la Comisión Antifraude de la Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, con la siguiente presencia, de conformidad con lo dispuesto en el Acuerdo de la Presidencia de Eurural, del 03/01/2024, de aprobación del Plan de Prevención de Riesgos de Gestión y Medidas Antifraude:

- D^a. Julia Loureiro Campo, Vocal de la Junta Directiva de la Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural
- D. Marco Antonio García Rodríguez, Gerente de la Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural
- D^a. Anadía Álvarez Alonso, Gestora de proyectos de la Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, que actúa con el efecto de Secretaria de la Comisión, con voz y sin voto

El **ORDEN DEL DÍA** de la sesión es el que sigue:

- 1.- Constitución de la Comisión Antifraude.
- 2.- Proponer a la Asamblea General de la Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural la adopción de una Declaración Institucional en materia antifraude, conforme al modelo incluido en los anexos del Plan Antifraude.
- 3.- Emplazar a los miembros de la Comisión para la celebración de una segunda reunión, con el efecto de realizar la correspondiente evaluación periódica del riesgo de fraude de las operaciones sujetas a financiación de la Unión Europea – Next Generation EU, en la fecha a convenir por las partes.
- 4.- Ruegos y preguntas.

1º) Constituida la Comisión Antifraude de Eurural, Anadía toma la palabra para exponer, con relación al segundo punto del orden del día, que en vista de la previsión próxima de convocatoria de la Asamblea General de Eurural a finales de octubre, y en atención a lo dispuesto en la cláusula SEXTA Plan de Prevención de Riesgos de Gestión y Medidas Antifraude, aprobado con fecha 03/01/2024, corresponde a la Comisión Antifraude la función de proponer a la Asamblea General de Eurural la adopción de una Declaración Institucional en Materia Antifraude, conforme al modelo incluido en los anexos del citado Plan.

2º) Revisada la documentación por las partes, los miembros de la Comisión acuerdan por unanimidad proponer a la Asamblea General de Eurural la suscripción de la citada Declaración, cuyo modelo se anexará a la presente Acta con efecto de su traslado a la Asamblea.

3º) Con relación al tercer punto del orden del día, los miembros de la Comisión acuerdan por unanimidad la celebración de una segunda reunión el 4 de noviembre de 2024, a las 9 horas, con efecto de realizar la correspondiente evaluación periódica del riesgo de fraude de las operaciones sujetas a financiación de la Unión Europea – Next Generation EU.

No habiendo más asuntos que tratar, siendo las 9:30 horas, se da por finalizada la sesión, de la cual yo, Secretaria de esta Comisión, doy fe, mediante la emisión de la correspondiente Acta.

La Secretaria de la Comisión,

Firmado por ALVAREZ ALONSO ANADIA - ***8584** el día
21/10/2024 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN MATERIA ANTIFRAUDE

A Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, na súa condición de ente xestor e decisor dos Fondos Europeos provenientes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, acorda en Asamblea Xeral a subscrición do Plan de medidas antifraude, e adopta a presente,

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

A Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural é unha entidade aberta, transparente, accesible, democrática, íntegra e comprometida coa mellora continua dos servizos que presta no seu territorio, en liña coa defensa dos intereses sociais, económicos, profesionais e culturais de toda a sociedade rural galega. Para a consecución de ditos principios, comprométese a cumprir e a trasladar a todos o seu persoal, asociados e cidadanía en xeral os seguintes valores, no marco do desenvolvemento da súa actividade,

- A honestidade e a dedicación como distinción principal do comportamento colectivo.
- A responsabilidade, a integridade e a intelixencia, á hora de administrar os recursos públicos.
- Unha gobernabilidade baseada no capital humano do territorio e nas capacidades das e dos seus profesionais.
- A cohesión e a convivencia no territorio como factores clave de desenvolvemento e progreso.

Por iso, esta entidade quere manifestar o seu compromiso cos estándares máis altos de cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de maneira que a súa actividade sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con ela como oposta á fraude e á corrupción en calquera das súas formas.

Todos os membros dos seus órganos de goberno asumen e comparten este compromiso. Así mesmo, o seu persoal comprométese ao desempeño das tarefas que teñan asignadas de acordo aos principios de obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, transparencia, exemplaridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna social, económica, profesional, cultural e ambiental do territorio, así coma o respecto á igualdade entre mulleres e homes.

Esta entidade promove unha cultura que desalenta as actividades fraudulentas e que facilita a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión deses supostos. Entre outras medidas, a Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural procede a subscribir, mediante acordo da Asamblea Xeral, o Plan de medidas antifraude, adoptado mediante acordo da Presidencia, así coma os procedementos e medidas

que o mesmo recolle para evitar e, no seu caso corraxir, posibles conflitos de intereses ou potenciais situacións de fraude.

As funcións de control e seguimento corresponderán á Comisión Antifraude, que contará coa colaboración de todos os membros dos órganos de goberno e persoal da entidade. Tamén conta coa colaboración dos diferentes responsables e xestores de procesos para asegurar que existe un adecuado sistema de control interno dentro das súas respectivas áreas de responsabilidade e garantir, no seu caso, a debida dilixencia na implementación de medidas correctoras e de persecución.

En definitiva, a Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural adopta unha política de tolerancia cero fronte á fraude e a corrupción e establece un sistema de control robusto, deseñado especialmente para previr e detectar, na medida do posible, os actos de fraude e corraxir o seu impacto, en caso de producirse.

A presente Declaración Institucional de loita contra a fraude, incluída como Anexo ao Plan de medidas antifraude, será obxecto da debida publicidade a través da páxina web www.eurural.gal e, así mesmo, nos medios de difusión que se estimen pertinentes.

COMUNICACIÓN

TRASLADO DA PROPOSTA DA XUNTA DIRECTIVA Á ASEMBLEA XERAL, PARA A APROBACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DE CONTRATACIÓN DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EU RURAL

Mediante esta comunicación, dáse traslado do acordo da Xunta Directiva da Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, do 28 de xuño de 2024, de PROPOR á Asemblea Xeral a aprobación do Regulamento Interno de Contratación (en diante, NIC), que se achega xunto co presente escrito.

As NIC entrarán en vigor o día seguinte da súa aprobación pola Asemblea Xeral e poderán ser modificadas, de conformidade co disposto nos Estatutos da entidade respecto da aprobación de modificación das normas e regulamentos de réxime interno, cando sexa procedente e, en especial, cando o seu contido quede afectado por modificacións e actualizacións da normativa que é de aplicación.

En Mos, na data indicada na sinatura dixital.
O Xerente,

Firmado por GARCIA RODRIGUEZ MARCO ANTONIO -
***2452** el día 21/10/2024 con un certificado emitido por
AC FNMT Usuarios